No límite suroeste do barrio, hai dúas casas con solaina compartida de pedra sobre ménsulas con reforzos de piarezas. No espazo ao que dá esta casa, atópase unha fonte, que só ten un cano acanalado de pedra sobre o terreo, e un lavadoiro, arrimado en dous lados a unha casa. Tamén neste espazo, hai unha palleira con piarezas de pedra e cerramentos de madeira.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ESPAZOS E CONXUNTOS RURAIS</b>		Nº EN PLANO	A-05
DENOMINACIÓN:	NÚCLEO DE O SALGUEIRO	PLANO NUM:	<b>2.54</b>
LOCALIZACIÓN:	O SALGUEIRO	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PRADO (SAN SALVADOR)	X	
TIPOLOXÍA:	NÚCLEO	Y	
TITULARIDADE:		584.728,00	4.639.115,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	AMBIENTAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	EN REHABILITACIÓN		




As casas teñen muros de cantería e cachotería de pedra do país, rematados con beiril e cubertas a dúas augas con gardaventos, algúns verticais. Os ocos están alintelados con lumieiras de pedra. Algunhas teñen balcóns voados de pedra con varandas traballadas de ferro. As casas adáptanse ao desnivel da ladeira. O pobo, abandonado, foi adquirido pola Xunta de Galicia e está en proceso de reconstrución para a creación dunha aldea ambiental.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**


<b>ESPAZOS E CONXUNTOS RURAIS</b>		<b>Nº EN PLANO</b>	<b>A-06</b>
DENOMINACIÓN:	PRAZA EN NIVEIS EN REPARADE	PLANO NUM:	<b>2.33</b>
LOCALIZACIÓN:	REPARADE	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PRADO (SAN SALVADOR)	X	Y
TIPOLOXÍA:	PRAZA	582.132,00	4.643.211,00
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	AMBIENTAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	PÚBLICO		



A praza ten forma irregular. Pola parte máis baixa, no leste, pasa unha rúa que sube cara ao sur e que é a que vai dando acceso aos distintos niveis da praza. Nun nivel máis elevado que a rúa, atópase o lavadoiro, cunha peza irregular e estreita de pedra no sur, que é onde se atopa o cano de saída da auga. Ten un vaso de pedra, con pedra de lavadoiro no oeste e no norte, apoiada sobre pés nos esquinais e no centro do lado máis longo do vaso de recollida. No seguinte nivel da praza, atópase un forno; ten muros de cachotería, cuberta a dúas augas e porta alintelada. O muro oeste fai de contención co nivel máis alto da praza, mentres que o norte e o sur, só conteñen terras en parte. Polo nivel máis elevado da praza, pasa outra rúa que dá acceso ás vivendas. Entre os distintos niveis hai muros de contención de cachotería.


CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO <b>B-01</b>	PLANO NUM: <b>2.14</b>
DENOMINACIÓN:	CASA CON CORREDOR EN A ABELLEIRA		
LOCALIZACIÓN:	A ABELLEIRA	Nº EN PLANO	<b>B-01</b>
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	PLANO NUM:	<b>2.14</b>
TIPOLOXÍA:	CASA CON CORREDOR	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
TITULARIDADE:	PRIVADA	X 585.883,00	Y 4.646.195,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Planta cadrada con muros de cantería e patín en L que leva a un corredor cuberto situado ao oeste da casa, coa estrutura principal de madeira que se apoia sobre unha ménsula sinxela de dúas pezas de pedra. A varanda, ten uns balaústres planos traballados en madeira.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-02
DENOMINACIÓN:	CASA CON MIRADOIRO EN A PEDREIRA	PLANO NUM:	2.10
LOCALIZACIÓN:	A PEDREIRA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA CON MIRADOIRO	587.180,00	4.647.241,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Casa de planta rectangular de muros de gran cachotería encintada, con cuberta a catro augas e ocos alintelados. As lumieiras das ventás teñen tornachoiras. No sur ten un patio cun muro alto contra a rúa, por onde está o acceso. Sobre el, un miradoiro de pedra con varanda de ferro voado sobre a rúa. O patio péchase ao sur cun alpendre de muros de cachotería e cuberta a unha auga.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL


CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-03
DENOMINACIÓN:	CASA CON PATIO EN A ABELLEIRA	PLANO NUM:	2.14
LOCALIZACIÓN:	A ABELLEIRA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	585.870,00
TIPOLOXÍA:	CASA CON PATIO	Y	4.646.193,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Planta en L e realizada en muros de cantería encintados. Accédese a ela por un patín coa varanda do patamal en pedra situado na fachada da rúa principal. Nesta fachada tamén sobresae un balcón de pedra con varanda de ferro. No lado norte desta fachada, atópase a entrada a un pequeno patio de planta irregular, cunha parra sustentada en pés de pedra apoíados no muro do patio. Detrás desta, está a galería da casa, orientada ao norte e realizada en madeira.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-04
DENOMINACIÓN:	CASA CON PATIO EN A PEDREIRA	PLANO NUM:	<b>2.10</b>
LOCALIZACIÓN:	A PEDREIRA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA CON PATIO	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	587.167,00	4.647.298,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa rectangular con cuberta a dúas augas. Muros de cachotería de pedra do país. Ao suroeste ten un patio pechado con muro de pedra, e portalón. Ten ocos alintelados, con ventás con batente de tres corpos.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-05
DENOMINACIÓN:	CASA CON PATIO EN QUINTÁ	PLANO NUM:	<b>2.15</b>
LOCALIZACIÓN:	QUINTÁ	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA CON PATIO	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.512,00	4.647.050,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa illada de planta rectangular con muros de cachotería e cuberta a tres augas. Ten ocos alintelados e tornachoiras na lumieira das ventás. Ao leste ten un corredor coa estrutura de madeira que dá a un patio pechado á rúa con muro alto de cachotería; dende el prodúcese o acceso. No sur e no leste péchase o patio con alpendres.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-06
DENOMINACIÓN:	CASA REITORAL DE SANTA MARÍA DE BARXÉS	PLANO NUM:	2.15
LOCALIZACIÓN:	BARXÉS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA REITORAL	Y	
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL	586.789,00	4.646.974,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SRPP		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa con planta en U, que se pecha co muro e o portón de acceso, formando un patio interior. Planta nobre en L, formada polos corpos norte e oeste. Nos outros corpos ubícanse os alpendres. Muros de cachotería de pedra do país. Cuberta a dúas augas no corpo norte e a tres augas no corpo oeste. A fachada oeste pecha o camposanto.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-07
DENOMINACIÓN:	CASAS CON BALCÓN EN QUINTÁ	PLANO NUM:	2.15
LOCALIZACIÓN:	QUINTÁ	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS CON BALCÓN	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.433,00	4.647.171,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Grupo de casas de planta cadrada, con cuberta a tres e catro augas, con muros de cantería ou cachotería encintados. Teñen balcones de pedra con varanda de ferro. Teñen algúns ocos alintelados, en xeral os das plantas inferiores. Os ocos dos balcones e da maioría das ventás superiores, son en arco rebaixado. A que está o leste cerrando o grupo, ten un patio pechado cara á estrada con muro alto e beiril e ocos alintelados con tornachoivas no oeste.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-08
DENOMINACIÓN:	CASAS CON CORREDOR EN TOURÓS	PLANO NUM:	<b>2.15</b>
LOCALIZACIÓN:	TOURÓS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS CON CORREDOR	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.210,00	4.646.820,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		





Grupo de casas con corredores con estrutura de madeira sobre machóns e patíns de pedra. A que está ao sur, ten varanda de madeira no corredor. As do grupo do oeste, teñen corredores pechados e abertos, cos cerramentos e as varandas substituídos.

CONCELLO DE MUIÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS



ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-09
DENOMINACIÓN:	CASAS CON PATIO EN A PEDREIRA	PLANO NUM:	2.15
LOCALIZACIÓN:	A PEDREIRA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	587.179,00
TIPOLOXÍA:	CASAS CON PATIO	Y	4.647.117,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



Grupo de casas con dous patios comúns pechados á rúa con altos muros de pedra. Muros de cachotería de pedra do país e cubertas a dúas e tres augas. Accédese ás vivendas por patíns situados nos patios. Teñen corredores de madeira ao norte sobre machóns e piares de pedra. Ocos alintelados e ventás con batente de tres corpos.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**


**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-10
DENOMINACIÓN:	CASAS EN ESQUINA EN A ABELLEIRA	PLANO NUM:	2.14
LOCALIZACIÓN:	A ABELLEIRA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS EN ESQUINA	585.845,00	4.646.228,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Teñen planta rectangular, cuberta a dúas augas e muros de cachotería encintados. A que se atopa máis preto do forno, ten unha galería de madeira ao sur, apoiada sobre machóns, e á que se accede dende un patín lateral situado na rúa principal. Tamén dende a rúa principal accédese ao patio, situado ao norte da casa. Á outra casa deste grupo, situada ao sur da anterior, accédese por un patín lateral situado na rúa perpendicular á principal. Enfrontado coa galería da casa anterior, dispón dun corredor con estrutura e varanda de madeira.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-11
DENOMINACIÓN:	CASAS NA PRAZA PEQUENA DE TOURÓS	PLANO NUM:	<b>2.15</b>
LOCALIZACIÓN:	TOURÓS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.129,00	4.646.821,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




As casas do norte da praza, teñen planta en L con patios pechados á praza con muros altos con beiril sobre o acceso; unha ten miradoiro sobre o muro. As do sur, con planta rectangular; a do leste con patio con beiril sobre o muro alto, e a do oeste, con patín de pedra á praza. Teñen muros de cachotería e ocos alintelados.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-12
DENOMINACIÓN:	CASAS NA RÚA PRINCIPAL EN O BARRIO	PLANO NUM:	2.10
LOCALIZACIÓN:	BARRIO	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS	586.852,00	4.647.295,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Rúa interesante porque nela xúntanse diversas tipoloxías de vivendas que conservan a estrutura tradicional: No oeste, e ao principio da rúa, atópanse dúas casas con patio separadas pola propia rúa e unha delas con miradoiro. De seguido, e na beira sur da rúa, aparece unha casa illada coa base en pedra e no corpo superior un corredor de madeira que recorre o lado norte e leste da casa; pechado ao norte, e aberto ao leste, por onde se atopa a entrada. En xeral destaca a beira sur da rúa, onde atopamos casas de planta rectangular en boa cantería, con balcóns de pedra, e casas con galería e con corredor que manteñen a súa estrutura. Ao final da rúa, e na beira norte neste caso, atópase una casa de cantería de granito gris e planta en U cun pequeno patio; cara á rúa principal ten unha galería con base de pedra. Pola súa parte posterior, forma parte da praza da capela.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-13
DENOMINACIÓN:	CASA GRANDE EN CRUCEIRO	PLANO NUM:	<b>2.15</b>
LOCALIZACIÓN:	QUINTÁ	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	BARXÉS (SANTA MARÍA)	X	
TIPOLOXÍA:	PAZO	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.545,00	4.647.192,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Planta rectangular con tellado a catro augas. Muros de boa cantería. Péchase á estrada con muro alto que forma parte dos alpendres, deixando un patio no seu interior. Ventás alinteladas con tornachooivas. A entrada faise nun recuamento entre os alpendres e en paralelo á estrada.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**


<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-14
DENOMINACIÓN:	CASA CON MIRADOIRO EN CERDEDO	PLANO NUM:	<b>2.12</b>
LOCALIZACIÓN:	CERDEDO	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	COUSO DE SALAS (SANTIAGO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA CON MIRADOIRO	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	590.726,00	4.647.592,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



Casa con balcón de pedra en esquina, voando sobre a rúa, con varanda de ferro. Ten muros de gran cachotería encintados e ocos alintelados; debido ao desnivel da rúa que vai polo leste da casa, esta tamén ten distintos niveis, evados incluso ao miradoiro, que fai a esquina en curva, paralelo ao muro. Ten un patio ao norte pechado con muro alto cara á rúa, rematado con parte do miradoiro. Baixo ela e ao oeste do forno, hai unha adega soterrada.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-15
DENOMINACIÓN:	CASA CON PATIO EN COUSO DE SALAS	PLANO NUM:	<b>2.16</b>
LOCALIZACIÓN:	COUSO DE SALAS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	COUSO DE SALAS (SANTIAGO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA CON PATIO	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	589.336,00	4.646.364,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Casa con muros de cachotería encintados e portalón de acceso alintelado a un patio, sobre o que ten un miradoiro de pedra coa varanda de ferro voando sobre a rúa, rematando o muro do patio. Ten chanzos no miradoiro.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**


**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-16
DENOMINACIÓN:	CASA REITORAL DE SANTIAGO DE COUSO DE SALAS	PLANO NUM:	2.11
LOCALIZACIÓN:	COUSO DE SALAS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	COUSO DE SALAS (SANTIAGO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA REITORAL	589.634,00	4.647.666,00
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SRPP		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Casa de planta rectangular realizada en muros de cachotería. Cuberta a catro augas. Escaleiras en L de acceso á planta nobre dende a fachada norte. Ten un patio pechado por alpendres e muro alto de pedra ao oeste, deixando tamén un espazo no norte da casa.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-17
DENOMINACIÓN:	CASAS CON CORREDOR EN A POUSA	PLANO NUM:	<b>2.11</b>
LOCALIZACIÓN:	A POUSA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	COUSO DE SALAS (SANTIAGO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS CON CORREDOR	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	588.815,00	4.647.696,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Rúa de casas con corredor de madeira e patíns de pedra; as que están xunto á poza, teñen corredores pechados con táboas de madeira, apoiados sobre canzorros e pés de pedra. Sobresa, na beira norte, unha casa con longo patín exento paralelo á rúa. Forman un grupo homoxéneo.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-18
DENOMINACIÓN:	CASAS CON CORREDOR EN SOUTELO	PLANO NUM:	2.7
LOCALIZACIÓN:	SOUTELO	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	FARNADEIROS (SAN PEDRO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS CON CORREDOR	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	588.007,00	4.648.726,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Rúa de casas con patíns de pedra e corredores de estrutura de madeira cubertos. Teñen as varandas e cancelas de madeira, algúns deles con táboas verticais. Os corredores apóianse sobre machóns ou sinxelas ménsulas de pedra. Teñen muros de cachotería de pedra do país, algunas con beiril e gardaventos verticais.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-19
DENOMINACIÓN:	CASA REITORAL DE SANTA BAIA DE AS MAUS DE SALAS	PLANO NUM:	2.36
LOCALIZACIÓN:	AS MAUS DE SALAS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MAUS DE SALAS (SANTA BAIA)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA REITORAL	589.369,00	4.643.463,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa grande de planta rectangular de cantería en pedra do país e cachotería. Cuberta a catro augas. Patio ao sur pechado con muro alto de pedra e alpendres, accedéndose a el dende un refundido no sueste do muro. Ocos alintelados. Dende o patio, accédese á planta nobre por un patín co patamal cuberto. Tamén cara ao patio ten un balcón cuberto sobre ménsulas de pedra.

CONCELLO DE MUIÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-20
DENOMINACIÓN:	CASA XUNTO Á REITORAL EN AS MAUS DE SALAS	PLANO NUM:	2.36
LOCALIZACIÓN:	AS MAUS DE SALAS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MAUS DE SALAS (SANTA BAIA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA	589.377,00	4.643.473,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa con muros de pedra do país de cantería e gran cachotería. Ten ocos alintelados. No sur e no oeste, ten unha solaina de pedra en equina e cuberta, voando parte sobre a rúa, cunha pequena ménsula de pedra na esquina e varanda con fina estrutura de ferro. Ao oeste ten un patio pechado á rúa con muro alto de pedra, rematado cun ancho beiril. Ten tres chanzos de pedra no acceso.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**


<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-21
DENOMINACIÓN:	CASAS CON PATÍN EN AS MAUS DE SALAS	PLANO NUM:	<b>2.36</b>
LOCALIZACIÓN:	AS MAUS DE SALAS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MAUS DE SALAS (SANTA BAIA)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS CON PATÍN	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	589.420,00	4.643.478,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



As dúas casas que están ao oeste teñen a mesma tipoloxía, compartindo unha solaina de pedra coa varanda de ferro con planta en L, á que se accede dende dous patíns de pedra nos extremos. Teñen os muros de cantería na planta inferior e cachotería encintada na superior. A casa do leste, ten muros de gran cachotería de pedra, rematados cun beiril e con gardaventos verticais. Ten as esquinas redondeadas, con patín de pedra e corredor de pedra ao norte coa varanda tamén de pedra.

CONCELLO DE MUIÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-22
DENOMINACIÓN:	CASAS NO CRUCE DE AS MAUS DE SALAS	PLANO NUM:	2.29
LOCALIZACIÓN:	AS MAUS DE SALAS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MAUS DE SALAS (SANTA BAIA)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS	589.454,00	4.643.536,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	MALO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Na beira oeste do cruce, atopamos unha casa cun patín de pedra e singular varanda de pedra. Tanto a estrutura do corredor, como as varandas e o cerramento deste, tamén son en pedra. Os muros son de cantería e cachotería. Ao nordeste, hai unha estreita casa cunha solaina de pedra e coa varanda de madeira cos muros de cantería. Está entre dous machóns de pedra</p>			

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-23
DENOMINACIÓN:	CASA CON FORNELA EN MUGUEIMES	PLANO NUM:	2.20
LOCALIZACIÓN:	MUGUEIMES	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA	585.282,00	4.645.655,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




A casa principal ten planta rectangular, con cuberta a dúas augas e muros de gran cachotería rematados cun beiril. Ten ocos alintelados. No medio da fachada noroeste, a altura do primeiro andar, ten unha fornela de arco de medio punto no muro enmarcada cun resalte en pedra. Os ocos están alintelados.

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-24
DENOMINACIÓN:	CASA CON PARRA EN O RAÑADOIRO	PLANO NUM:	2.19
LOCALIZACIÓN:	O RAÑADOIRO	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	583.703,00
TIPOLOXÍA:	CASA	Y	4.645.687,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



Casa grande con muros de cantería con beiril de remate e cuberta a catro augas. Ten os ocos alintelados, con tornachoiras nas ventás e sobrepenas resaltadas. Ten patio ao nordeste e ao sueste con dous accesos dende a rúa.

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-25
DENOMINACIÓN:	CASA DA PARRA EN MUGUEIMES	PLANO NUM:	2.20
LOCALIZACIÓN:	MUGUEIMES	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA	585.109,00	4.645.568,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa de muros de cantería e cachotería encintada. Ten planta rectangular e ocos alintelados. Está nunha rúa en desnivel, pasando de ter unha planta ao sueste a dúas no norte.

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-26
DENOMINACIÓN:	CASA DOS TEXADA EN MUGUEIMES	PLANO NUM:	<b>2.20</b>
LOCALIZACIÓN:	MUGUEIMES	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	585.170,00	4.645.862,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa con planta en L e muros de pedra do país de cachotería encintada e cantería. Ten ocos alintelados e tornachoiwas nas lumieiras das ventás na fachada do oeste. Sobre a rúa ten un balcón voado de pedra con varanda de ferro. No leste ten unha edificación auxiliar sobre a que hai unha solaina cuberta no sur. No suroeste ten unha

CONCELLO DE MUÍÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-27
DENOMINACIÓN:	CASA REITORAL DE SAN PEDRO DE MUÍÑOS	PLANO NUM:	2.20
LOCALIZACIÓN:	MUÍÑOS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA REITORAL	584.734,00	4.645.227,00
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SRPPX		
USO ACTUAL:	DOTACIONAL TURISMO RURAL		




Edificio recentemente rehabilitado como hospedaría. Planta en U formando un patio interior pechado no lado da entrada cun corpo máis estreito. Muros de cachotería e ocos alintelados. Cuberta a dúas augas. Torre circular con pequenos ocos tamén en cachotería e cuberta a unha auga na fachada do acceso, situada ao oeste.

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-28
DENOMINACIÓN:	CASAS CON CANASTROS EN MUGUEIMES	PLANO NUM:	2.20
LOCALIZACIÓN:	MUGUEIMES	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS	585.183,00	4.645.582,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casas cos muros de cantería, con beiril de remate, e os ocos alintelados, con tornachoivas nas lumieiras das ventás. A do leste, ten un reloxo de sol preto do acceso e unha torre na esquina noroeste. A do sur, tiña cuberta a catro augas, con galería a un amplio patio, onde hai un canastro coa estrutura superior, cerramentos e portas de madeira, con pés dereitos con tornarratos en forma de seta de pedra e cuberta a dúas augas. Sobre o muro do nordeste hai un canastro de catro corpos coa estrutura principal de pedra. Pés dereitos de pedra de forma troncocónica e sobre eles tornarratos corridos entre dous pés. Os cerramentos e as portas son de madeira e as cubertas son a dúas augas.

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**


<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-29
DENOMINACIÓN:	CASAS CON GALERÍA EN MUGUEIMES	PLANO NUM:	2.20
LOCALIZACIÓN:	MUGUEIMES	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS CON GALERIA	585.210,00	4.645.911,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



Son dúas casas con galería ao sur. Teñen muros de cantería, no caso da que está ao sur encintados, e os ocos alintelados. A que está ao sur, ten un patio tamén no sur, pechado á estrada con muro de pedra. A que está no norte, ten unha solaina ao sur, e un balcón de pedra coa varanda de ferro voadoo sobre a estrada. O oco do balcón remata cunha curva, con pedra traballada en xambas e arco, resaltando a clave deste.

CONCELLO DE MUÍÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-30
DENOMINACIÓN:	PAZO DOS TEXADA EN MUÍÑOS	PLANO NUM:	2.20
LOCALIZACIÓN:	MUÍÑOS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	MUÍÑOS (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	PAZO	584.171,00	4.645.422,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Planta en U con patio central e cuberta a dúas augas. Muros de cantería cun gran brasón na fachada do norte, onde hai tamén unha espadana simple dun corpo cun arco e campá rematada cunha cruz de pedra que marca a capela, á que se accede pola planta alta. Ocos alintelados. No sueste do corpo principal atópanse edificación secundarias que pechan o pazo cara ao núcleo.</p> <p>Nos xardíns do norte atópase una palleira, con esquinais de pedra e cerramento de madeira e con cuberta a tres augas e un canastro coa estrutura de pedra, cerramento de madeira e cuberta a dúas augas.</p> <p>O pombal, de planta circular e muros de gran cachotería, ten porta alintelada e pousadeiro superior arredor con entradas para as pombas.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-31
DENOMINACIÓN:	CASA REITORAL DE SAN PEDRO DE PARADA DE VENTOSA	PLANO NUM:	2.31
LOCALIZACIÓN:	PARADA DE VENTOSA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PARADA DE VENTOSA (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA REITORAL	579.645,00	4.643.260,00
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Casa en ruínas con planta en L e cuberta a dúas e tres augas. Ten un patio ao suroeste, dende o que se accede á edificación e no que hai varios alpendres. Muros de gran cachotería e ocos alintelados.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-32
DENOMINACIÓN:	CASAS CON CORREDOR EN PAZÓ	PLANO NUM:	<b>2.32</b>
LOCALIZACIÓN:	PAZÓ	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PARADA DE VENTOSA (SAN PEDRO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS CON CORREDOR	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	580.898,00	4.643.143,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	AMBIENTAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Grupo de casas con corredor; a que está na beira norte, ten patín de pedra e corredor sobre machóns que conserva a base de pedra. Ten no muro que cerra o patín un símbolo cunha data enriba: 1868.

Na outra beira da rúa, hai dúas casa con corredor con estrutura e varanda de madeira e co acceso aos patíns común, cunha porta de madeira. Os chanzos dos patíns voan sobre o muro onde se apoian. O corredor apoiese no oeste cunha ménsula simple de tres pezas.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-33
DENOMINACIÓN:	CASAS CON PATÍN EN PARADA DE VENTOSA	PLANO NUM:	2.31
LOCALIZACIÓN:	PARADA DE VENTOSA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PARADA DE VENTOSA (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS CON PATÍN	579.889,00	4.643.300,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




A que está na esquina ten un patín de pedra con varanda pechada ao nordeste. Parte dos muros son de cantería, con beiril de remate e cuberta a catro augas. Ten ocos alintelados. Sobre a rúa hai emparrado de madeira que se apoia na fachada da casa e na outra beira, sobre pés de pedra.

O grupo de casas que está ao sur, ten patíns de pedra con corredores con estrutura de madeira sobre machóns de pedra. As varandas e os cerramentos dalgunhas partes tamén son de madeira. Os muros son de cantería, con beiril e remate e as cubertas a dúas augas.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**


**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-34
DENOMINACIÓN:	CASAS NUN CRUCE EN PAZÓ	PLANO NUM:	<b>2.32</b>
LOCALIZACIÓN:	PAZÓ	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PARADA DE VENTOSA (SAN PEDRO)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	581.026,00	4.643.149,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Neste grupo de casas atopamos:</p> <p>Ao nordeste do cruce, unha pequena casa cun patín de pedra e un corredor de madeira sobre machóns.</p> <p>Ao sur desta, unha casa cun patín e corredor lateral de edra. Estas dúas teñen muros de cantería de pedra do país rematados cun beiril e gardaventos verticais.</p> <p>Ao oeste, unha casa grande con patín de pedra na rúa principal; no sur ten unha solaina de pedra sobre piarezas que forman un pequeno soportal na rúa. Ten muros de cantería e cachotería encintados.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-35
DENOMINACIÓN:	CASAS XUNTO Á REITORAL EN PARADA DE VENTOSA	PLANO NUM:	2.31
LOCALIZACIÓN:	PARADA DE VENTOSA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PARADA DE VENTOSA (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS	579.645,00	4.643.254,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




A que está na beira oeste, ten un patio con muros de gran cachotería, que forman a rúa que sobe en desnivel, a casa, e un alpendre que ten no oeste. A casa, con muros de cantería e cachotería, ten un patín de pedra en L arrimado ao alpendre, e outro pegado á estrada, cun corredor con estrutura de madeira sobre ménsulas de pedra.

A que está xunto á reitoral, ten un patio ao norte pechado á rúa con muro alto de pedra con beiril. Ten muros de cachotería e ao norte ten un corredor de madeira cuberto. Os ocos están alintelados, con tornachovas nas lumieiras das ventás.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**



<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-36
DENOMINACIÓN:	ESCOLA ANTIGA EN PARADA DE VENTOSA	PLANO NUM:	2.31
LOCALIZACIÓN:	PARADA DE VENTOSA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PARADA DE VENTOSA (SAN PEDRO)	X	Y
TIPOLOXÍA:	ESCOLA	579.975,00	4.643.492,00
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	AMBIENTAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:			



Ten planta rectangular, cun pórtico na fachada sur que cubre a entrada da planta baixa. Polo norte, ten unha escalaira exterior para acceder á planta superior. Na fachada leste, ten un balcón sobre ménsulas sobre o que hai un brasón no espazo en triángulo que remata a cuberta.


CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-37
DENOMINACIÓN:	CASA NA EIRA EN PORQUEIRÓS	PLANO NUM:	2.28
LOCALIZACIÓN:	PORQUEIRÓS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PORQUEIRÓS (SANTO ANDRÉ)	X	
TIPOLOXÍA:	CASA	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.644,00	4.644.693,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Casa con muros de cantería rematados cun beiril e os ocos alintelados con lumieiras de pedra. Ten unha solaina de pedra voada sobre a eira; a solaina apoiase nunha ménnsula corrida de pedra. Nun lateral ten unha escaleira de pedra para acceder á planta primeira.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-38
DENOMINACIÓN:	CASAS BAIXO A EIRA EN PORQUEIRÓS	PLANO NUM:	2.28
LOCALIZACIÓN:	PORQUEIRÓS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PORQUEIRÓS (SANTO ANDRÉ)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS	586.834,00	4.644.623,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	REGULAR		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Grupo de dúas casas.</p> <p>A que está ao oeste, ten muros de cantería con amplio beiril de remate e ocos alintelados. Destaca unha solaina de pedra voada sobre a rúa.</p> <p>A que está ao leste ten muros de cachotería rematados cun beiril e ocos alintelados; no noroeste ten un alpendre cun espazo diante en triángulo pechado cun muro curvo de pedra cara á rúa. A casa ten un ancho patín de pedra cun patamal tamén de pedra apoiado sobre piar e coa varanda de ferro. Baixo o patamal accédese as cadrás.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-39
DENOMINACIÓN:	CASAS NA PRAZA DE PORQUEIRÓS	PLANO NUM:	2.28
LOCALIZACIÓN:	PORQUEIRÓS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PORQUEIRÓS (SANTO ANDRÉ)	X	
TIPOLOXÍA:	CASAS	Y	
TITULARIDADE:	PRIVADA	586.716,00	4.644.654,00
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



Grupo de casas no que atopamos:

Na esquina nordeste da praza hai unha casa con muros de cantería de pedra do país e cornixa de remate, cun pequeno espazo diante pechado con muro, sobre o que voa un balcón cunha ménsula e con varanda de ferro. Ten ocos alintelados e o acceso por unha rúa lateral por un patín dobre.

Ao sur desta hai unha casa cun patio pechado á praza con muro alto de pedra con beiril de remate, ao que se accede por un portón. O patio, ten un corredor con estrutura de madeira. Ten muros de cachotería rematados con beiril.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-40
DENOMINACIÓN:	CUARTEL DE MEDIODÍA EN PORQUEIRÓS	PLANO NUM:	2.28
LOCALIZACIÓN:	PORQUEIRÓS	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PORQUEIRÓS (SANTO ANDRÉ)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA GRANDE	586.693,00	4.644.635,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:			





Casa grande de planta rectangular e muros de cantería encintados. Cuberta a catro augas con cornixa. Ocos alintelados. As ventás e as portas daire teñen tornachoivas nas lumieiras. Gran balcón de pedra sobre a rúa, con varanda de balaústres de ferro.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**


<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-41
DENOMINACIÓN:	CASA NO ALTO DO POBO EN REPARADE	PLANO NUM:	2.33
LOCALIZACIÓN:	REPARADE	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PRADO (SAN SALVADOR)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA	582.101,00	4.643.210,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		



Sobre a rúa ten un emparrado con estrutura de pórticos metálicos que se apoia nos muros da casa. Casa grande con muros de cantería encintada cun beiril de remate; ten un patio ao sur, con muro alto de pedra con beiril de remate e portalón de acceso. Ten un balcón de pedra voadoo sobre a rúa e con varanda de ferro.

CONCELLO DE MUIÑOS  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**


**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>		Nº EN PLANO	B-42
DENOMINACIÓN:	CASA REITORAL DE SAN SALVADOR DE PRADO DE LIMIA	PLANO NUM:	2.33
LOCALIZACIÓN:	PRADO DE LIMIA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PRADO (SAN SALVADOR)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASA REITORAL	583.852,00	4.643.136,00
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	INTEGRAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		
			
<p>Casa con planta en dobre L, deixando un patio interior. Unha parte é a edificación principal, mentres que outra son alpendres e edificacións auxiliares. O acceso realizaase pola intersección dos L no sur. Muros de cachotería e cantería nas esquinas. Cubertas a dúas e tres augas. Ocos alintelados con tornachoivas nas lumieiras.</p>			

CONCELLO DE MUIÑOS  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARQUITECTURA CIVIL		Nº EN PLANO	B-43
DENOMINACIÓN:	CASAS BAIXO A IGREXA EN PRADO DE LIMIA	PLANO NUM:	2.33
LOCALIZACIÓN:	PRADO DE LIMIA	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
PARROQUIA:	PRADO (SAN SALVADOR)	X	Y
TIPOLOXÍA:	CASAS	583.896,00	4.643.078,00
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	ESTRUCTURAL		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		
USO ACTUAL:	RESIDENCIAL		




Na rúa que vai ao sur da igrexa, hai dúas casas con solaina (hoxe pechada en parte) coa base de pedra, apoiada en ménsulas de pedra, reforzada algunha con piarezas que, na que está máis ao oeste, son de formigón.

Máis ao oeste, hai unha casa grande con muros de cantería e balcón de pedra con varanda de ferro na planta primeira; na segunda planta, ten unha gran solaina tamén de pedra coa varanda de ferro decorada.

